



"A Corporación Municipal de Gondomar insta á Xunta de Galicia a que habilite a Residencia de Tempo Libre de Patos como lugar de acollida temporal para as persoas refuxiadas". Este será o texto do acordo que Gondomar Concello Aberto (CABE) levará ao vindeiro pleno de Gondomar o vindeiro 17 de setembro.

O acordo cuxo texto fíxose público, está asinado polo edil nacionalista, Pauliño del Río, actual responsable de Facenda do goberno tripartito de Gondomar. Deste xeito, únense ao reclamo que [xa adelantara co mesmo sentido os edís de Nigrán Decide](#) . Medidas que poderán coadruar a dar acollida algúns das 14.931 persoas maioritariamente sirias, inda que tamén iraquís e eritreos que chegarán a territorio Español.

Nel expresa que "Gondomar Concello Aberto nace como unha candidatura de unidade para dar resposta aos múltiples problemas que ten o noso Concello. Pero tamén forma parte da súa esencia traballar na política sen perder de vista os acontecementos que afectan ao mundo no que vivimos e dende o concello non descoidar o compromiso coas persoas que sofren cando se precisa. As imaxes que estamos a ver a diario de miles de persoas que foxen da guerra tratando de acceder a Europa son insoportables, e ante a inacción dos gobernos, as persoas de xeito individual ou colectivo están ofrecendo a súa solidariedade para axudar, unha vez máis van por diante".

Afirma que o Concello debe estar "á altura desta mostra de solidariedade e xenerosidade". E lembra que o artigo 14 da Declaración Universal dos Dereitos Humanos di "no caso de persecución, toda persoa ten dereito a buscar asilo en calquera país".

CABE solicitará dar acollida a refuxiados sirios na Residencia de Tempo Libre en Patos.

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Xoves, 10 Setembro 2015 22:19

Expresa que coma ten constatado Bruxelas, "os países da UE violan con total impunidade os dereitos das persoas que solicitan asilo. En concreto, o artigo 18 da carta de Dereitos Fundamentais da UE que, en consonancia co artigo 14 da Declaración de Dereitos Humanos, esixe a salvagarda do dereito de asilo para todas as persoas en clara necesidade de protección internacional".

Advirte que as políticas de inmigración e asilo practicadas en Europa, "guiadas pola obsesión do que os gobernos chaman 'loita contra a inmigración ilegal', están a supor unha grave vulneración das nosas leis de asilo e dos tratados internacionais, xa que o bloqueo practicado das fronteiras impide que as persoas que foxen de guerras ou persecucións cheguen a territorio de asilo. Miles de mortos en naufraxios no Mediterráneo, multitude de persoas atrapadas en zonas fronteirizas, mafias facendo negocio con elas para trasladalas a Europa..., todo iso ten como punto de partida unha política de fronteiras cuxo obxectivo non é outro que o de impedir que os refuxiados cheguen aos nosos países".

Lembra que no mundo hai 60 millóns de refuxiados "e non son os países ricos precisamente aqueles que maior número acollen. A guerra de Siria xerou xa máis de catro millóns, dos que os 28 países da Unión Europea acollen a menos do 10% ; só Turquía ten cinco veces máis refuxiados sirios que o conxunto de países da Unión Europea. A Unión Europea está obrigada a cumprir coa Convención de Xenebra sobre Refuxiados e abrir vías accesibles para que as persoas que foxen de guerras ou persecucións entren nos nosos países. As mortes no Mediterráneo e os dramas que viven as familias transportadas polas mafias acabaranse no momento no que se abran as vías seguras".

A experiencia demostra que as barreiras e os arames de espiño non serven para nada. A Comisión Europea ven de facer públicas estes días a cantidade de persoas refuxiadas que debería asumir o estado español: 2.749 (Esta cifra foi incrementada hoxe en 14.931, 160.000 en toda a UE) Galiza debe responder e comprometerse nesta acollida. No noso país temos infraestruturas dispoñibles e adecuadas para albergar a moitas de estas persoas, coma poden ser os dous centros de tempo libre, dependentes da Consellaría de Traballo e Benestar, situados en O Carballiño e Patos. Con 350 e 260 prazas, respectivamente e que por desgraza fican baleiros e sen actividade grande parte do ano. Velaquí unha oportunidade para utilizados e darlle unha rendabilidade social e xusta. Do mesmo xeito que hai anos moitos países acolleron aos nosos refuxiados, tócanos nesta ocasión ser solidarios con esta catástrofe humanitaria. Xa é hora de abandonar os discursos do pánico económico, do prexuízo cultural e da discriminación étnica e asumir o compromiso de axuda coas persoas cando a precisan".